

Informe sobre aplicación do artigo 39 da LSG ás actividades extractivas de minerais (Concello de Muras - Expediente XCP 23/003).

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 21.01.2023 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (Núm. 2023/223390) escrito do Concello de Muras, acompañado de informe do arquitecto e asesor técnico municipal, no que solicita informe en relación a unha comunicación previa de inicio dunha actividade extractiva de material feldespático dentro da concesión da explotación mineira "Ampliación a San Acisclo (LU/C/4076)".

Neste informe descríbese o uso que se pretende implantar en solo rústico como unha actividade extractiva de material feldespático que emprega as seguintes operacións:

"- Extracción do mineral a través de métodos de minería a ceo aberto, empregando arranque mediante perforación e voadura, carga mediante palas mecánicas e camións de transporte.

- Quebranto e trituración do mineral para posteriormente ser depositado, a través dunha tolva, nunha banda para o seu transporte cara á etapa de trituración. O quebrantado inicial realizarase cunha machacadora móbil, de mandíbulas, (...).

- Moenda do mineral (...) Esta etapa se levará a cabo mediante un muíño autógeno móbil (non autodesplazable), ao que se conduciría a saída da etapa de machaqueo, preferentemente por medio de bandas transportadoras, e que se atoparía en circuíto pechado por medio de clasificadores para permitir recircular o material ata obter o tamaño de adecuado.

(...) Considerarase unha parte importante da actividade o traslado do material vendible fora da explotación, xa que en base a produción prevista se estiman uns 4.000 viaxes anuais de ida e volta por parte de camións cunha capacidade de carga de 15m³, (...).

Proxéctase ademais a instalación dunhas "casetas de obras" destinadas aos vestiarios e servizos hixiénicos que permaneceran na explotación como mínimo o período previsto para o funcionamento da mina, 9 anos".

Á vista do anterior, solicítase aclaración á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre os seguintes aspectos:

"1. Se as construcións proxectadas para os vestiarios e servizos hixiénicos, as cales teñen un "carácter provisional" deben cumprir as coas determinacións do artigo 39 da LSG 2/2016, e por tanto precisar de licenza urbanística para a súa construción previa a presentación da comunicación previa de inicio da actividade.

2. Se a actividade en si se considera unha "instalación mineira" aos efectos tamén do cumprimento das determinacións do artigo 39 da LSG 2/2016 por parte da mesma, independentemente de que leve ou non carrexado a construción dunha edificación destinada os vestiario e aseos da explotación, e se polo tanto a implantación da actividade require do cumprimento das determinacións do apartado a) de dito artigo sobre os servizos necesarios para implantación da actividade".



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do *Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo*, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

SEGUNDA.- O Concello de Muras conta con Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo o 18.09.1987, e publicada a súa normativa no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* do 06.06.1998.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece o seguinte:

"2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

(...)

d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico."

En consecuencia ao solo rústico do Concello de Muras aplicáselle o réxime do solo rústico establecido na LSG e na súa normativa de desenvolvemento.

TERCEIRA.- Conforme o artigo 35.1.k) da LSG, constitúe un uso admisible no solo rústico as *"actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os establecementos de beneficio, e pirotecnias"*.

O artigo 39 da LSG dispón que para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36 (usos e actividades relacionados no artigo 35), para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento dunha serie de condicións.

Polo tanto, todos os usos e actividades relacionados no artigo 35 da LSG, e en consecuencia calquera edificación ou instalación, sen establecer excepción algunha, deben cumprir as condicións sinaladas no artigo 39 da LSG.

CUARTA.- Conforme ao disposto no artigo 36 da LSG, as actividades e instalacións comprendidas no ámbito da lexislación mineira, incluídos os seus establecementos de beneficio, serán obxecto de título habilitante municipal.

Segundo a LSG, son títulos habilitantes de natureza urbanística as licenzas urbanísticas e as comunicacións previas.

De acordo co sinalado no artigo 142.3 da LSG e 360.3 do RLSG, en particular, sométese ao réxime de comunicación previa:



"f) As actividades extractivas mineiras, líquidos e de calquera outra materia, así como as de verteduras no subsolo."

Non obstante o anterior debe terse en conta o establecido na letra a) dos artigos 142.2 LSG e 351.1 do RLSG, que sinalan que serán obxecto de licenza:

"a) Os actos de edificación e uso do solo e subsolo que, consonte á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación."

En relación con este suposto, cómpre ter en conta que o artigo 2.2 da *Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación* establece que terán a consideración de edificación e requirirán dun proxecto as seguintes obras:

"a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenrolexen nunha soa planta.

b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, sempre cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aquelas outras de carácter parcial que afecten aos elementos ou partes obxecto de protección"

Pola súa banda, o artigo 142.3. da LSG e o 360.2. do RLSG establecen que todos os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo que non estean suxeitos a licenza, quedan sometidos ao réxime de comunicación previa.

Á vista do exposto, o título habilitante de natureza urbanística para a implantación de actividades extractivas de minerais dependerá do encaixe da actuación concreta no réxime previsto nos artigos 142 da LSG e 362 do RLSG, cuestión que deberá analizar o concello no expediente de obtención de título habilitante, á vista da documentación obrante no mesmo.

Así, se a actuación se incardina nalgún dos supostos previstos no artigo 142.2 da LSG será esixible á previa obtención de licenza municipal; e nos restantes supostos, o título habilitante de natureza urbanística será a presentación da comunicación previa, sen prexuízo das autorizacións sectoriais que procedan, nomeadamente a da consellería competente en materia de industria.

QUINTA.- Como segunda cuestión, solicítase aclaración sobre se a implantación da actividade extractiva require do cumprimento das determinacións da letra a) do artigo 39 da LSG, relativo ás *"Condicións xerais das edificacións no solo rústico"*.

Como xa indicamos na consideración xurídica terceira a implantación dos usos previstos no artigo 35 da LSG debe cumprir todas as condicións do artigo 39 da LSG, incluída a establecida na letra a):

"a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o



caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corraxir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.

Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine”.

SEXTA.- En todo caso, a actuación pretendida, de acordo co establecido na LSG é obxecto do título habilitante municipal de natureza urbanística correspondente, licenza ou comunicación previa, sendo competencia exclusiva do concello a súa tramitación, de acordo co establecido no artigo 25.2. a) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local* e o artigo 12.1 da LSG.

Será o concello o que en cada caso concreto debe valorar, á vista do proxecto e/ou documentación obrante no expediente municipal, se a actuación prevista e para a que se pretende obter o título habilitante de natureza urbanística que corresponda, pode ter encaixe na regulación contida na normativa urbanística vixente.

CONCLUSIÓNS

1.- Todas as edificacións e instalacións que se pretendan implantar no solo rústico deben cumprir coas condicións do artigo 39 da LSG, incluídas as actividades extractivas de minerais.

2.- As actividades extractivas de minerais, con carácter xeral, serán obxecto de comunicación previa, salvo que a actuación encaixe en algún dos supostos previstos no artigo 142.2 da LSG en que será esixible á previa obtención de licenza municipal.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

